

CENTRO: IES DE SAR

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MÚSICA

DEPARTAMENTO: MÚSICA

AÑO ACADÉMICO: 2020/21

ÍNDICE

1.CONTEXTO.....	3
2.SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	4
3.CONTRIBUCIÓN AO DESENROLO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
4.METODOLOXÍA.....	7
5.AVALIACIÓN.....	8
6.AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO.....	11
7.AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	12
8.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	13
9.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	13
10.DATOS DO DEPARTAMENTO	14
11.REFERENCIAS NORMATIVAS	14

1. CONTEXTO

• Centro

Situación: Santiago de Compostela

Centros adscritos: Apóstol Santiago, Ramón Cabanillas e Rguz Xixirei

Ensinanzas que oferta o centro: ESO E BACHARELATO (Artístico, Científico e Humanidades)

Características singulares: É un centro pequeno e o momento forte de matrícula é setembro aínda que durante todo o primeiro trimestre recibimos alumnado e, no caso dos iberoamericanos, tamén en marzo-abril . Este alumnado, máis presente na ESO, mestúrase cos de bacharelato artístico, que proceden tamén de Barbanza.

• Alumnado:

Poboación inmigrante: en todos os cursos de 1 ESO a 1Bach

Alumnado con NEAE no curso actual: TEA, TDAH, retraso escolar, minorías étnicas, descoñecemento das linguas cooficiais, altas capacidades, absentismo, discapacidade auditiva

Outras características: alumnado con problemas de saúde física (asma, alerxias, dores de ósos...) e psíquica (inseguridade, ansiedade...), medicados e non medicados

• Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)

a	Asumir deberes e exercer dereitos no respecto aos demais
b	Desenvolver os hábitos de traballo individual e en equipo
c	Respecto ás diferenzas de sexos, raciais, sociais e relixiosas
d	Fortalecemento da personalidade e da autoestima
e	Destreza e sentido crítico no uso das tecnoloxías

f	Fomento da autoconfianza e da iniciativa e creatividade
g	Correcta expresión nas linguas cooficiais e respecto entre ambas culturas
h	Correcta pronunciación das linguas extranxeiras
i	Coñecer e valorar os aspectos básicos da cultura galega, española e das minorías pre- sentes na aula
j	Respecto e aceptación do propio corpo e do alleo
l	Apreciar as manifestacións artísticas e en concreto as musicais
m	Valorar a importancia do uso da lingua sen impoñelo

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1 ESO: OBRADOIRO DE MÚSICA

1ª avaliación: música, ruído e son. Expresión corporal. Frauta. Percusión corporal

2ª avaliación: calidades do son: altura e intensidade. A voz. Frauta. Percusión corporal

3ª avaliación: calidades do son: duración e timbre. Danzas do mundo. Frauta. Percusión corporal

ESO: Bloques de contidos: Interpretación e creación, escoita, contextos musicais e culturais e música e tecnoloxías

2 ESO: MÚSICA

1ª avaliación: música, ruído e son. Linguaxe: pirámide das figuras. Compases. Frauta.

2ª avaliación: calidades do son: altura e intensidade. Linguaxe: escalas, alteracións, matices de intensidade e reguladores. Frauta

3ª avaliación: calidades do son: duración e timbre. Puntíño e ligadura. Síncope e contratempo. Clasificación de voces e instrumentos. Frauta

3 ESO:MÚSICA

1ª avaliación: Idade media e Renacemento

2ª avaliación: Barroco e Clasicismo. “Amadeus”

3ª avaliación: Romanticismo e século XX

4 ESO:MÚSICA e MÚSICA S.B. Francés

1ª avaliación: contaminación acústica, copyright, práctica musical

2ª avaliación: música e medios de comunicación e práctica musical

3ª avaliación: música tradicional española, edición de partituras e práctica musical

1 BACH: Bloques de contidos: Destrezas musicais, audición comprensiva, teoría musical, creación e interpretación e tecnoloxías aplicadas ao son

1ª avaliación:

A voz: aparello fonador, recoñecemento de voces, respiración e entoación e lectura de intervalos,

Elementos da linguaxe musical: ritmo, agónica, dinámica,

Informática musical: edición de partituras

Interpretación e creación: repetición. Percusión corporal, música con calquera cousa, frauta, percusión Orff, voz.

2ª avaliación:

A voz: respiración e entoación e lectura de acordes

Elementos da linguaxe musical: melodía, escalas, formas simples

Informática musical: composición

Interpretación e creación: repetición, variación e improvisación. Percusión corporal, música con calquera cousa, frauta, percusión Orff, voz.

3ª avaliación:

A voz: respiración e entoación e lectura de melodías

Elementos da linguaxe musical: textura, xéneros, carácter, voces e instrumentos

Informática musical: gravación (garage band, logic pro...)

Interpretación e creación: Percusión corporal, música con calquera cousa, frauta, percusión Orff, voz.

2 BACH: Recoñecemento e análise de audicións e danzas de diferentes períodos

1ª avaliación: Idade media e Renacemento

2ª avaliación: Barroco e Clasicismo.

3ª avaliación: Romanticismo e século XX

RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA

Polas características da materia as competencias clave traballadas son Competencia aprender a aprender e Conciencia e expresións culturais.

A Competencia dixital traballarase na medida que a aula de informática estea disponible e en condicións, si ben este, o ano COVID, utilizarase a aula virtual como ferramenta.

Como transversais, emprendemento e educación cívica.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os estándares de aprendizaxe serán iguais para todos os niveis, adaptándoos á idade e coñecementos dos grupos e os contidos de cada curso:

CAA/CEC	Visionado de vídeos didácticos, fragmentos de películas, videos musicais en Youtube
CAA/CEC/ CD	Realización de traballos en grupo de improvisación ou en relación coa creatividade e a busca de información en internet
CAA/CEC	Lectura e análise de partituras sinxelas
CAA/CEC	Interpretación con instrumentos Orff e frauta de partituras sinxelas
CAA/CEC	Interpretación de cancións sinxelas a unha ou dos voces
CAA/CEC	Realización de danzas sinxelas de diversas culturas, exercicios de relaxacións, esti- ramentos, ritmos corporais...
CAA/CEC	Análise de cancións coñecidas que lle resulte motivadoras aos alumnos, así como de pezas clásicas
CAA/CEC	Escoita activa de audicións

CAA/CEC/ CD	Composición de pezas musicais sinxelas, utilizando un programa informático ou outros dispositivos ao seu alcance...
CAA/CEC	Composición de acompañamentos sinxelos para melodías dadas
CAA/CEC/ CD	Realización dun traballo audiovisual sobre algún tema do currículo, utilizando os medios de gravación ao seu alcance
CAA/CEC	Asistencia aos Concertos Didácticos no Auditorio e noutros lugares e realización dun comentario posterior

5. METODOLOXÍA Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
 - Combinar traballo individual e cooperativo.
 - Promover a aportación de materiais e propostas.
 - Aprendizaxe por proxectos apartires das inquiredanzas e intereses do alumnado.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. o Papel facilitador do profesor/a.

Estratexias metodolóxicas

Visionado de vídeos didácticos, fragmentos de películas, videos musicais en Youtube
Realización de traballos en grupo de improvisación ou en relación coa creatividade e a busca de información en internet
Lectura e análise de partituras sinxelas
Interpretación con instrumentos Orff e fruta de partituras sinxelas
Interpretación de cancións sinxelas a unha ou dos voces
Realización de danzas sinxelas de diversas culturas, exercicios de relaxacións, estiramentos, ritmos corporais...
Análise de cancións coñecidas que lle resulte motivadoras aos alumnos, así como de pezas clásicas
Escoita activa de audicións
Composición de pezas musicais sinxelas, utilizando un programa informático ou outros dispositivos ao seu alcance...
Composición de acompañamentos sinxelos para melodías dadas

Realización dun traballo audiovisual sobre algún tema do currículo, utilizando os medios de gravación ao seu alcance

Asistencia aos Concertos Didácticos no Auditorio e noutros lugares e realización dun comentario posterior

Outras decisións metodolóxicas

Agrupamentos e desdobres: en 4º ESO para facilitar a impartición da S.B.

Espazos: Aula de música (só bach) aula de informática, aula de clase e espazos ao ar cando o tempo o permita.

Materiais:

Canón de vídeo e lector de CD e DVD e ordenador de aula

Teclado, instrumentos musicais Orff e frauta

Discos, cintas, vídeos, DVDs, cartolinas, tesoiras, cola, musicogramas, colchonetas, complementos para as danzas, follas con partituras, periódicos...

Recursos didácticos: Aula virtual, método Orff, caderno de clase

Para garantir o seguimento das aulas en caso de corentena ou confinamento as actividades e explicacións de clase reflectiranse na aula virtual e elaboraranse e entregaranse tarefas por dito medio para familiarizar ao alumnado.

6. AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Data prevista de realización: a determinar pola dirección

Descrición do tipo de proba: exercicio sinxelo de percusión corporal en grupo que proporciona a seguinte información: motivación, autoesixencia, autoestima, rol do alumno no grupo, problemas de concentración, coordinación e psicomotricidade

Lectura de unha partitura sinxela coa frauta en grupo que da idea do nivel musical

Mecanismo para informar ás familias: a través do titor/a

Consecuencias dos resultados da proba: acompañamento e esixencia na clase e, de non dar resultado, traballo individual nos períodos de lecer co alumnado que o precise

Avaliación trimestral

En cada avaliación haberá polo menos un exame escrito e outro práctico, a excepción de 1ºESO, onde, por razóns de horario, tan só haberá exame práctico.

Os exames escritos conterán resolución ou exposición de conceptos teóricos, críticas musicais, elaboración de musicogramas e partituras, traducción plástica, literaria ou poética de audicións ou análises de audicións.

Os exames prácticos poden ser individuais (fruta, canto), aínda que se realicen en grupos de ate 4, ou colectivos (todos os relacionados coa creatividade musical). Os primeiros valóranse individualmente, mentres que os segundos levan unha nota global por equipo

Os exames puntúan sobre 9 e constarán de 5 preguntas na ESO e entre 5 e 10 en Bacharelato.

Nos traballos individuais prácticos os estándares de aprendizaxe son: a lectura de partituras sen colocar o nome das notas, o sentido do ritmo e afinación e o respecto á estrutura da partitura e signos de repetición. Na S.E. tamén a pronunciación

Nos traballos en grupo son estándares de aprendizaxe: a adecuación ás consignas do exercicio, a orixinalidade, a compenetración do grupo e a presenza escénica á hora de expoñer.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula:

- traer material (caderno de clase, fruta e boli. A profesora proporciona un armario con caixóns individuais para deixalos en clase)
- asistencia e puntualidade, incluídas videoconferencias, no seu caso
- non perder autorización para as saídas didácticas ou mostras de desinterese cara á materia
- coidado e limpeza do material de clase
- respecto aos compañeiros e as súas manifestacións artísticas

Instrumentos para a recollida desta información: a través de rúbrica no caderno de clase da profesora.

Cualificación das avaliacións: todos os traballos de clase sexan escritos, prácticos, individuais ou colectivos fan media entre sí e representan o 90% da nota. As valoracións do traballo cotián, interese, asistencia e puntualidade poderá representar o 10% da nota.

As notas inferiores a 5 considéranse suspensas excepto na avaliación final, na que se aprobará con 4,5. No boletín redondearase hacia arriba a partires do 0,6.

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada: as probas prácticas individuais poderán aprobarse automaticamente si se superan os da seguinte

avaliación. Os traballos escritos, entregándoos se non se fixera ou repetíndoos. Os exames de teoría suspensos repetiránse ao final de curso.

Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada: exame final

Avaliación final

Alumnado que deberá realizar a avaliación final: alumnado que non superou as probas escritas de cada avaliación ou que non acadou o aprobado na última avaliación a parte práctica.

Descrición do tipo de proba: unha proba escrita de coñecementos e outra práctica de frauta na que o alumno propoñerá tres partituras do seu nivel ou de percusión corporal, segundo os casos.

Estándares que se van avaliar: só os pendentos

Como se calcula a cualificación final:

Alumnado que non precisa realizar a avaliación final: media aritmética das notas da avaliación

Alumnado cunha avaliación ou parte aprobada na avaliación final: media aritmética das avaliacións aprobadas e da final

Alumnado que realiza a avaliación final con máis dunha avaliación suspensa levará media de 5 en caso de superala.

Redondéase á alza a partires de 0,6.

Avaliación extraordinaria

Descrición do tipo de proba: unha proba escrita de coñecementos e outra práctica de frauta na que o alumno propoñerá tres partituras do seu nivel, ou de percusión corporal.

Na ESO a proba escrita constará de 5 preguntas de 2 puntos cada unha, que en 3º ESO inclúe audicións. Todas valen 2 puntos.

En HMD a proba escrita consistirá en 5 audicións para analizar e recoñecer dentro dos períodos da Historia da Música e non haberá exame de frauta.

Como se calcula a cualificación: teoría e práctica fan media entre si. Redondéase á alza a partires de 0,6

Recuperación e avaliación de pendentos

Mecanismos para o seguimento: o alumnado con Música pendente poñeráse en contacto co Dpto. Éste aportará información, partituras e modelos de exames e, no seu caso realizará seguimento durante períodos de lecer e na hora de Xefatura de Departamento.

Como se avalía: Haberá unha quenda única ao xeito da avaliación final.

Descrición do tipo de proba: unha proba escrita de coñecementos e outra práctica de frauta na que o alumno propondrá tres partituras do seu nivel.

Na ESO a proba escrita constará de 5 preguntas de 2 puntos cada unha, que en 3ºESO inclúe audicións. Todas valen 2 puntos.

En Bacharelato poderán ser de ate 10, e primará a análise de audición e outros exercicios prácticos sobre as preguntas puramente teóricas

Ambos exames fan media entre si. Redondéase á alza a partires de 0,6

7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino:

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Escala 1-4

Indicadores de logro da práctica docente

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.

4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
9. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
10. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
13. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.

Escala 1-4

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

Periodicidade:

Trimestralmente nas actas de departamento indícanse, en relación cos logros académicos dos distintos grupos o desenvolvemento da programación e as dificultades para impartir a materia prevista en caso de desfase secuencial.

Na memoria final reflectirase que contidos é preciso engadir ou eliminar

Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto a 2019/20:

- Confinamento: sendo os contidos de 2º ESO e 3ª totalmente diferentes (linguaxe musical e historia da música respectivamente), non sería necesario incorporar os da 3º av. de 2º a 3º. En canto ao resto dos cursos, polo seu carácter optativo admite alumnado de diferentes niveis se ben, igual que todos os anos, comezase repasando nocións imprescindibles para arrincar e entender o curso.

- Situación COVID: a práctica musical de tipo frauta e canto realizarase na casa; a que implique movemento estará suxeita á posibilidade de facer a aula no patio ou noutro espazo. Tentarase non renunciar a dita práctica por entenderse imprescindible e será valorada na avaliación. Estaremos tamén atentos ao que nos indiquen as autoridades sanitarias.

Indicadores

Os criterios a ter en conta para o revisión das programacións dependen dos seguintes parámetros:

- Impartición do 80% da materia.
- Superación dos contidos mínimos esixibles polo 50 % do alumnado

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas ordinarias e extraordinarias:

Dado o perfil do noso alumnado a diversidade vén sendo parte do traballo ordinario da aula. Por outra banda na materia de música por entenderse polo lexislador como unha materia de pouco peso que non merece desdobres, reforzos nin apoios, aproveitase para integrar ao alumnado no grupo de referencia. Entendo polo tanto que dentro da súa diferenza, a diversidade do alumno debe tender a diluírse e homoxeneizarse.

Como medida extraordinaria, cando o caso o requira, o departamento traballará de xeito individualizado co alumnado con retraso, descoñecemento ou discapacidade durante os períodos de lecer, como vén facendo desde que está neste centro.

No caso de alumnado extranxeiro e minorías étnicas, estas son algunhas das actuacións que se poden levar a cabo:

- Presentación dos alumnos e da profesora: nome, procedencia, irmáns, afeizóns, gustos musicais, estudos musicais... Obxectivo: localizar alumnado de outros países ou culturas
- Realización en grupos dun cuestionario en grupo e posterior posta en común. Obxectivo: afondar no coñecemento do nivel cultural e musical do alumnado que temos diante
- Realización de diversas actividades en grupo co obxecto de facilitar a integración do alumnado estranxeiro ou de outras culturas
- Aplicación se é preciso de actividades de reforzo
- Utilizar exemplos musicais de diversas culturas
- Pedir aos alumnos que traian exemplos musicais propios e que expliquen as características das músicas do seu país ou etnia.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ESO	Asistencia a concertos didácticos no ofertados gratuitamente. O alumnado aportará unha axuda para cubrir os gastos de transporte
BACHARELATO	Colaboración co departamento de Filosofía na organización do Antroido.

11. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
OBRADOIRO DE MÚSICA	1 ESO	1	María Giménez Fernández
MÚSICA	2 ESO	2	
MÚSICA	3 ESO	1	
MÚSICA S.E. Francés	4 ESO	1	
MÚSICA	4 ESO	1	
LINGUAXE E PRACTICA MUSICAL	1 BACH	1	Álvaro Trillo Bugeiro
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA	2 BACH	2	Álvaro Trillo Bugeiro

12. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.